



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

ACCIÓN SOCIAL

Na reunión de onte da Comisión Paritaria de Acción Social trataróñse os seguintes asuntos:

- Pago das axudas: Nos meses de outubro e novembro incluíronñse en nómina a maioría das axudas. Quedan para o mes de decembro o resto, que na maioría dos casos corresponden ás que teñen algún tipo de incidencia ou están incompletas. Tamén pagarán en decembro as de xubilación, falecemento ou discapacidade.
- Nestes momentos nos fondos de Acción Social hai un sobranche de 1,1 millón euros, cantidade que cubre a totalidade das axudas solicitadas para o 2009, polo que non se vai facer minoración ningunha nas contías deste ano.
- O que sí deixaron clariño é que non vai haber festa de Reis para os nenos, cuestión na que non permitiron discusión posible, pois a decisión xa estaba tomada.
- En canto aos fondos do 2010 a Administración "deixa caer" a posibilidade de minorar determinadas axudas. A totalidade da parte social mostra o seu máis absoluto rexeitamento a esa posibilidade, tendo en contra que se están a "dilapidar" os cartos noutras cuestións de dubidosa utilidade (por exemplo, 250.000 euros para premiar o "Mérito á Excelencia" ¿¿??, cartos que imaxinamos sairán de Acción Social...).

A reunión non deu máis de sí. Se precisades algunha aclaración máis en canto ao pago das axudas..., etc, contactade con nós.

Desde a CIG pedimos a vosa colaboración cara o Plan de Acción Social do ano que vén, polo que solicitamos que fagades chegar as vosas propostas de novas axudas, mellora das que hai...etc.

SEGUIREMOS INFORMANDO

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF: 981 61 68 89-EXT.: 868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

WWW.CIGAEAT.COM